

EXPLICACIÓN E RESUMO DA LEI 8/2021 POLA QUE SE MODIFICA A LEXISLACIÓN CIVIL E PROCESAL PARA O APOIO ÁS PERSOAS CON DISCAPACIDADE NO EXERCICIO DA SÚA CAPACIDADE XURÍDICA

Que pasaba antes?

Antes da lei, se unha persoa, da que se consideraba que non tiña capacidade de decisión, quería realizar un acto xurídico como vender unha propiedade, asinar un contrato, herdar... iniciábase un proceso xudicial de modificación da capacidade na que se determinaba que persoa podía tomar decisións no seu nome.

Agora, todas as persoas, con e sen diversidade funcional, deben ser atendidas e escoitadas no exercicio dos seus dereitos. Por iso, aquelas que teñan dificultades de expresión e/ou comprensión e outras dificultades cognitivas terán que ter dispoñibles todos os recursos necesarios que lle axuden a decidir sobre o acto que queira levar a cabo.

Qué implica a nova lei?

- A partir do 3 de setembro de 2021 (data da entrada en vigor), todas as persoas poden tomar decisións por si mesmas.
- Se unha persoa necesita apoios para tomar decisións xurídicas concretarase unha medida de apoio que decidirá a propia persoa ou que se decidirá en base á súa vontade e desexos.
- Elimínase a incapacitación e modificación da capacidade, a tutela e a prórroga da patria potestade.
- Todas as persoas teñen dereito a expresar a súa vontade e preferencias e a que se lle faciliten as ferramentas para facelo nos xulgados, notarías etc.

As medidas de apoio que existen son:

1. Medidas voluntarias: son as que a persoa deixou escritas ante notario/a en previsión de necesitalas nalgún momento. Son as prioritarias.
2. Garda de feito: a persoa que exerza a garda de feito, que habitualmente será a persoa coidadora de referencia, poderá xestionar cousas do día a día xunto coa persoa (como por exemplo solicitude de pensións, cubrir gastos diarios...) pero necesitará autorización xudicial para determinados actos (por exemplo o ingreso da persoa nun centro, venda de propiedades...). A garda de feito non é necesario que estea por escrito.
3. Curatela: decídese no xulgado. É a medida de apoio máis intensa, para persoas que necesitan apoios continuados.
4. Defensor xudicial: determínase nun xulgado. É unha persoa ou entidade que dá apoios en momentos puntuais. Esta medida de apoio é especialmente indicada cando non hai apoios que se axeiten, existen conflito de intereses entre as persoas que prestan apoios etc.

Cando hai que ir ó xulgado para pedir apoios?

1. Cando non é posible coñecer a vontade da persoa.
2. Cando a persoa non teña feitas medidas voluntarias ou estas non sexan suficientes ou adecuadas.
3. Cando non haxa garda de feito que apoie á persoa no que necesita.

Nestes casos no xulgado poden establecer un sistema de apoios para a persoa que o necesita.

Cal é a situación das persoas que tiñan unha tutela ou curatela?

As sentenzas das persoas que tiñan modificada a súa capacidade de obrar serán revisadas no prazo de 3 anos de oficio a petición do xulgado. Pero poden tamén solicitar a revisión en calquera momento a propia persoa, os pais e as nais que teñen a patria potestade rehabilitada, as persoas que exercían a tutela ou curatela, os defensores xudiciais e os apoderados preventivos.

Os procesos de incapacitación ou procedementos de modificación da capacidade que están en marcha na actualidade teñen que adaptarse á nova lei.

Que medios ten a persoa para pedir apoios que pode necesitar no futuro?

Calquera persoa pode pedir medidas de apoio voluntarias que permiten que a persoa deixe constancia de que tipo de apoios quere que se lle dean se nalgún momento as necesita, para que cousas quere que se lle dea o apoio e quen quere que llo preste etc. Fanse na notaría e posteriormente entregáranse estas medidas ao Rexistro Civil. Ademais, todas estas medidas poden ser revogábeis, é dicir, poden mudar en calquera momento que a persoa o desexe.

Que poden facer as familias se os seus/súas fillos/as necesitan apoios importantes?

Poden pedir medidas de apoio cando o/a fillo/a aínda é menor de idade (entre os 16 e 18 anos) en previsión de que os vaia necesitar na maioría de idade. Solicítanse no xulgado e pode pedilas os proxenitores ou a propia persoa que necesita os apoios.

Para máis información podes consultar:

[“Guía El Impacto de la Reforma del Derecho Civil. Preguntas básicas”](#) (premer no enlace)